




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Vilaboa. Parroquias: San Martiño de Vilaboa ao norte e Santa Cristina de Cobres ao sur. Extensión: 1,8 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade de perfil semicircular situada entre As Salinas no esteiro de Vilaboa e a Punta do Cabalo. A fronte costeira está formada por unha chaira intermareal con depósitos sedimentarios areoso-lamacentos que contactan coa vertente continental por medio de acantilados baixos. Tras a liña de costa desenvólvese unha pequena cunca, sen leitos fluviais significativos e centrada no chamado Cano de Larache, enmarcada por unha serie de elevacións graníticas como A Croa ao norte ou O Cabalo ao sur, que sobresaen na paisaxe configurando un relevo ondulado.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A excepción dunha pequena zona de xistos, lousas e gneises correspondentes ao Complexo de Cabo Home - A Lanzada, o substrato da unidade identifícase cos granitos de afinidade alcalina, particularmente aqueles de feldespato alcalino. Aínda que o máis característico é a grande extensión que na zona mareal ocupan os depósitos de marisma, así como os coluvio-aluviais que seguen os vales dos ríos que irrigan o esteiro da Enseada de Rande.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa baixa caracterizada por precipitacións acumuladas entre 1200 mm e 1400 mm anuais, temperatura media superior a 15° C e amplitude térmica media que varía entre 12,5°C e 13,5°C durante o ano. Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido.

OS SOLOS

Pequena enseada na chaira intermareal da cal se forman solos costeiros incipientes de textura lamacenta do tipo sapropel. A vertente pola súa parte está ocupada principalmente por cambisoles dístrico-úmbricos onde os solos alcanzan maior espesor e grao de desenvolvemento e regosoles de perfil esquelético na ladeira.


AS AUGAS

O regueiro de Cano de Larache, na Enseada de Larache é o principal leito fluvial da unidade, cuxa rede hidrográfica se restrinxe a unha serie de pequenos regueiros que verten directamente ao mar. As Augas de Transición que bañan esta unidade son as identificadas co código 20473 ao sueste, na Punta do Cabalo, e co 20472 no resto.

O PATRIMONIO NATURAL

Liña de costa, intermareal e submareal incluídos no LIC Enseada de San Simón. Área de fondo de esteiro na que destacan os bancos lamacentos e/ou areosos intermareais e submareais superficiais (1110 e 1140), con amplas extensións. Os acantilados baixos do Monte O Cabalo non desenvolven ben o hábitat 1230, cantís mariños atlánticos, dada a modificación da cobertura vexetal acompañante. O interior está ocupado densamente, por usos poboacionais, agrícolas e forestais de repoboación, o que limita os hábitats naturais. Non existen as extensas masas de frondosas que poderían desenvolverse aproveitando a hidromorfía (91E0) da orla de esteiros e dalgunhas valgadas e fondais. Con todo, e algunhas delas mesturándose con eucaliptais, pódense destacar algunhas formacións como as que existen en diferentes partes ao longo da parte interior da enseada de Larache. En terras abandonadas próximas ao mar é posible observar zonas de prados con hidromorfía. E pequenas agrupacións de frondosas en recolonización.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Unidade na que abunda o uso forestal da terra, mediante bosques de repoboación nas ladeiras dos montes que delimitan o ámbito cara ao interior. Estas masas arbóreas chegan en ocasións ata a liña de costa, alternándose en ocasións con masas de vexetación mixta, cunha continuidade e densidade só interrompida pola brecha que supón a autoestrada AP-9. A zona de Xundice, explanada litoral na parte norte da enseada de Larache, é o único enclave onde se realizan labores agrícolas, mentres que a actividade residencial se concentra na ladeira norte do Alto do Cabalo, descendendo cara á costa sur da enseada de Larache. Na zona que se desenvolve dende a punta de mesmo nome ata a Punta do Cabalo existe actividade marisqueira, tanto a pé como a flote, de recollida de berberecho e ameixa. Aparecen tamén usos industriais na parte norte da liña litoral, illados pero de considerable presenza.

MORFOLOXÍA

O único asentamento que atopamos nesta unidade é o de Larache, na vertente sur da pequena enseada de mesmo nome. Sen unha orixe fundacional tradicional, as edificacións foron ocupando a parte baixa da ladeira norte do Alto do Cabalo, dando lugar a un núcleo composto por unha serie de vivendas unifamiliares illadas, encadeadas ao longo da estrada que vai baixando pola ladeira, a xeito de urbanización residencial e sen unha estrutura complexa con espazos públicos representativos ou de referencia. A edificación e a división en parcelas privadas ocupan, na parte máis baixa, toda a superficie ata a fronte litoral, e tenden a encher a ladeira construíndo novos socialcos artificiais.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía viario tradicional garantiza o acceso ás diferentes terras de cultivo da zona (as áreas de Xundice e Mangoeiro, onde hoxe están as edificacións que conforman Larache) dende os asentamentos de referencia, Barciela ao sur e Acuña cara ao norte. Pouco perdura da estrutura viaria orixinal; a construción da N-554 primeiro e a autoestrada AP-9 despois, introduciron unha forte linearidade na comunicación de dirección norte-sur que alterou os devanditos equilibrios. Na actualidade, mentres a nacional N-554 dota de certa vertebración lonxitudinal o territorio, a autoestrada atravesa a unidade a xeito de barreira. De entre os escasos camiños tradicionais que se conservan, destaca o que percorre o litoral da parte norte da unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

No alto do Monte da Croa, que delimita a unidade polo norte, presúmese a existencia dun Castro. Á parte deste, os únicos elementos de interese patrimonial que están rexistrados nesta unidade son a Casa da Finca de Laracha, en Santa Cristina de Cobres, e o cruceiro de Acuña, que aínda que pertence ao núcleo do mesmo nome (que está na unidade contigua de Esteiro de Vilaboa), se sitúa neste ámbito.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Territorio sensiblemente paralelo á liña de costa, con pouco desenvolvemento continental e significativamente montañoso. Paisaxe cuxa característica principal é a gran continuidade da masa forestal que cobre a maior parte da súa superficie, que chega mesmo en varios puntos ata a propia liña de costa. As únicas áreas que non están cubertas por bosque son a de Xundice, que conserva un miúdo parcelario agrícola, e as edificacións que dan lugar ao asentamento de Larache, descendendo pola ladeira norte do Alto do Cabalo. O devandito asentamento caracterízase por carecer de calquera elemento representativo, de espazo público ou equipamento comunitario que o cualifique como algo diferente a unha simple agrupación de vivendas. A autoestrada AP-9 introduce unha potente barreira física ao longo de toda a unidade, aínda que o impacto visual que supón é relativamente reducido.

DINÁMICA DA PAISAXE

A tradicional vocación forestal do territorio non viu alterados significativamente os usos do solo co paso do tempo. A xa escasa superficie dedicada a labores agrícolas viu reducida a súa extensión, sendo substituída por novas plantacións forestais. Dous procesos introduciron alteracións significativas na apreciación do lugar; un na vertente sur da enseada de Larache, un asentamento carente de adaptación ao territorio sobre o que se sitúa, e a construción da autoestrada AP-9, que impuxo a súa xeometría interrompendo a conectividade terra-mar do territorio.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Paisaxe de interesante valor expresivo pola lectura conferida das homoxéneas e continuas masas forestais que cobren a súa superficie en contraposición coas escasas terras de cultivo que subsisten e mostran unha estrutura de parcelas pequenas de policultivo de gran riqueza plástica, salpicada do contraste cromatico das plantacións illadas de viñedo. Engaden valor os elementos construídos no bordo litoral en forma de dique ou muro de pedra, herdanza e testemuña de actividades xa inexistentes. Un territorio asomado á Enseada de San Simón que alberga variedade de usos traducida nunha riqueza textural e cromática capaz de minorar o impacto visual que infraestruturas como a autoestrada supoñen sobre espazo percibido. As relacións visuais que mantén esta paisaxe coas do seu contorno, xunto cos que conforma a Enseada de Rande, son intensas e recíprocas dende practicamente calquera punto de observación que se escolla. O Alto do Cabalo, no extremo sur, permítenos obter unha visual relativamente completa da paisaxe desta unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS








A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos dispersos na ladeira do Monte O Cabalo nas proximidades á enseada de Larache, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de novas vivendas unifamiliares dispersas na fronte costeira, sen funcións definidas e sen identidade poboacional que xeren un continuo urbano que impida a contemplación do horizonte. Mellorar deste modo a calidade escénica e ambiental destes lugares.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



